



Un cambio profundo

Pola equidade e a transparencia

Programa de mínimos para
a nova etapa na Deputación
de Pontevedra 2015-2019



Deputación
Pontevedra



PRINCIPIOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- Equidade: erradicación de todo tipo de arbitrariedade e discriminación por razón de afinidades políticas, ideolóxicas ou de calquera outro tipo.
- Igualdade de servizos básicos para todos os veciños con independencia do concello no que residan.
- Reforzar competencias propias, ou sexa, atender a rede viaria provincial e a prestación de servizos básicos de competencia municipal, función das deputacións, evitando ao máximo invadir competencias da Xunta ou do Estado.
- Sectores estratéxicos: apoio aos sectores estratéxicos da provincia, moi seleccionados e como medidas excepcionais e, a ser posíbel, transitorias.
- Cumprimento das competencias asignadas: cumprimento das obrigas competenciais asignadas legalmente, parte delas sin cobertura na actualidade.
- Avance ambiental, patrimonial, cultural e na promoción do turismo
- Sen tratar de convertela nun contrapeso nin á Xunta nin ao Estado, e moito menos, aos concellos.
- Normalización lingüística: incluídos os membros da Corporación.
- Redución do excesivo e absurdo protagonismo institucional existente na actualidade.
- Democratización a fondo da deputación provincial de Pontevedra.
- Desaparición do exacerbado presidencialismo existente na deputación de Pontevedra.
- Revisión de todas as subvencións nominativas do Orzamento con eliminación total das discriminacións. Cando poidan existir, ou se eliminan os favorecidos ou, como caso excepcional, se estenden a todos os que estean nas mesmas condicións.

CORPORACIÓN

- Reforzar funcións da Xunta de Portavoces
- Modificar ROC para maior democratización
- Maior implicación d@s deputad@s no traballo na Deputación.
- Reorganización e maiores competencias das Comisións Informativas.
- Maior participación dos Grupos Políticos nas decisións.
- Redución do número de membros das Comisións Informativas, mantendo a proporcionalidade.
- Oferta a todos os Grupos de presenza nas Xuntas de Goberno.

PLANS PROVINCIAIS

- Simplificación e redución dos plans provinciais, que non deberían superar os 4.
- Supresión dos PAC (Plan de Acción Comunitaria).
- Participación dos potenciais beneficiarios dos plans na redacción das bases.
- Reparto de todos os fondos dos Plans con criterios obxectivos consultados cos concellos, coa supresión total do 20% de libre disposición da Presidencia.
- Vigo e Pontevedra excluídos dos plans xenéricos para os concellos.
- Vigo e Pontevedra mediante convenios para actuacións sobre o patrimonio, estradas e urbanizacións, e grandes dotacións. Asignación de fondos para estes convenios na proporción afixada hai anos en base a poboación e extensión.

ACTUACIÓNS PROPIAS DA DEPUTACIÓN

- Profunda reorganización e simplificación, eliminando duplicidades cos concellos e coa Xunta.
- Enfocadas a competencias propias da Deputación ou municipais.
- Descentralización ao máximo da xestión nos concellos. Só cando os concellos carezan de capacidade organizativa ou cando se amose a maior eficacia de prestar o servizo a Deputación, farase pola entidade provincial ou pola mancomunidade respectiva.

NOVAS ÁREAS A POTENCIAR

- Mobilidade e seguraza viaria con directrices e colaboración cos concellos para a redacción de Plans Municipais (Comarcais ou Provincial) de Mobilidade Sustentábel e Segura.
- Accesibilidade universal.
- Disciplina ambiental de ruídos de locais e actividades. Para exercela é imposible que os concellos teñan instrumentos de medida e persoal cualificado técnico e policial para facer un control efectivo. Así se está a dar o fenómeno tremendo de que se van a instalar en lugares afastados dos grandes centros urbanos co perigo engadido dos accidentes de tráfico. Grande campo de traballo para as deputacións.
- O mesmo poderíamos dicir, aínda que con mais complexidade, do control de efluentes e emisións gasosas, aínda que para estes fins se podería contar co SEMPRONA.
- Valados de publicidade colocados onde cada empresa entende sen nengunha orde nin planificación. Campo para as deputacións de quererem os concellos.
- Recollida de animais mortos: cabalos, vacas, ovellas, cans,....., que a Xunta di que resulta competencia dos concellos e a maioría dos concellos non teñen capacidade para facelo. Campo para as deputacións.

- Recollida e custodia de animais non silvestres vivos perdidos ou abandonados: vacas, burros, cabalos,.....
- Recollida da fracción de voluminosos dos residuos sólidos urbanos.
- Limpeza de praias marítimas e fluviais e outros espazos naturais. Socorristas, dotacións. Suprimir a situación actual na que nuns concellos traballan as máquinas da Deputación e noutros non con claras discriminacións.
- A disciplina para manter limpos e desbrozados os montes no perímetro das edificacións.
- Resíduos: impulso e colaboración na xestión de plantas comarcais de elaboración de composta en función da dispoñibilidade de terreos e concellos dispostos a aderirse.
- Monte: Parques Forestais municipais subvencionados pola Deputación. Liña de axudas ás Comunidades de Montes en Man Común, especialmente aquelas ás que se lle queimou todo o Monte nos incendios de 2006.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Profesionalización da xestión do Museo de Pontevedra cun organismo autónomo encargado da súa xestión.
- Criación dun consorcio provincial de turismo no que integren os concellos da provincia que o desexen.
- Proposta de transferencia á Xunta de todos os equipamentos que desenvolven competencias da Xunta: Príncipe Felipe, Escolas de Canteiros, Areeiro, Mouriscade, Campamento A Lanzada.
- Proposta de transferencia á Xunta da rede viaria provincial interurbana.
- Proposta de transferencia aos concellos de vías urbanas urbanizadas e das que non teñen carácter intermunicipal.
- Seguir tramitando a transferencia á Universidade da Escola de Enfermería.

